

DONA EVA GARCIA DE LA TORRE, ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA).

Segundo consta no expediente nº 324/2018, con data 18 de enero de 2018, a xunta de goberno local do Concello do Porriño determinó o seu desexo de Solicitar a UNICEF Comité Español iniciar os trámites para a obtención do Selo de Reconecemento Cidade Amiga da Infancia así como contar co seu apoio e colaboración para o desenrrolo , mellora continua e a innovacion das políticas da infancia e adolescencia no noso concello, sendo este acordo adoptado por unanimidade.

O Programa Cidades Amigas da Infancia (CAI), liderado por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989), da que o noso país é signatario, no ámbito dos Gobernos Locais.

Este programa incentiva a creación de plans locais de infancia e adolescencia, promove a participación cidadá dos nenos, nenas e adolescentes na vida municipal, impulsa todo tipo de políticas municipais tendentes a favorecer o desenvolvemento dos dereitos da infancia e a adolescencia e dinamiza a colaboración cidadá e a coordinación institucional, como vías para facilitar a mellora continua e o desenvolvemento destas políticas.

Entre os requisitos esixidos para obter o selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia, atópase a creación dun **Órgano de Coordinación Interna das políticas municipais de infancia e adolescencia.**

Tendo este concello a intención de presentarse a próxima convocatoria do recoñecemento, e coñecedora do bo traballo realizado na xuntanza do pasado 14 de decembro, na que o persoal técnico de distintas concellerías, fixo interesantes aportacións ao diagnóstico da situación da infancia e adolescencia do Concello.

En uso das atribucións que me confire a lexislación vixente, polo presente,

RESOLVO

Primeiro.- Crear o **Órgano de Coordinación interna das políticas municipais de infancia e adolescencia do Porriño**, cuxa misión consiste en articular e dotar de coherencia interna as políticas de infancia e adolescencia do goberno local favorecendo a comunicación e colaboración entre representantes políticos e técnicos de distintas concellarías, departamentos ou áreas de traballo.

Segundo.- Establecer que o **Órgano de Coordinación Interna das políticas municipais de infancia e adolescencia do Porriño**, se reunirá con carácter ordinario unha vez ao trimestre, podendo celebrarse sesións extraordinarias sempre que sexa necesario a proposta das persoas que o coordinan.

Terceiro.- Designar como compoñentes deste Órgano de Coordinación Interna a:

Representante/s Político/s:

- **Lourdes Moure Varela**, Concelleira de Persoal, Educación, Xuventude
- **Orlando Manuel Márquez López**, Concelleiro de Parques e Xardíns, Limpeza, Mercados e Tráfico
- **Soledad Girón Girón**, Concelleira de Benestar Social, Igualdade, Formación, Emprego e Turismo
- **Manuel Carrera Punzón**, Concelleiro de Vías e Obras, Servizos Xerais, Protección Civil e Deportes
- **Marcelino Coto Troncoso**, Concelleiro de Urbanismo, Industria, Comercio e Medio Ambiente

Persoal Técnico:

- **Albino Alonso Rodríguez**, profesional do área de Cultura e Biblioteca
- **Alba Rodríguez Álvarez**, profesional do área de Urbanismo e Medioambiente
- **Julio Bernardez Álvarez**, profesional do área de Deportes
- **Daniel Rodríguez González**, Xefe da Policía Local
- **Noelia de la Fuente Pérez**, profesional do área de Xuventude
- Rocío Carrera Pereiro, profesional do área de Benestar Social.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución a todas as persoas nomeadas no Órgano de Coordinación Interna das políticas municipais de infancia e adolescencia do Porriño.

Así o manda e axina dixitalmente no Porriño, na data indicada na marxe.